

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de xullo de 2022**

Ás 17.50 horas do día 20 de xullo de 2022, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado presidente da comisión, don Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular (substituído por don Plácido Álvarez Dobaño, que actúa como presidente).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xuño de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 15 de xuño de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN DO “MVMC SERRA DE MEDA” CONTRA O ACORDO DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN DOS BENS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA “CAPTACIÓN DE AUGA NAS ESTIBADAS”.-

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que no seu momento o seu grupo xa votou a favor do acordo, que se trata dunha infraestrutura que prestará un servizo importante para os veciños e veciñas de ambos concellos, polo que apoiarán tamén esta proposta.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

A desestimación do recurso de reposición formulado polo “MVMC SERRA DE MEDA”, contra o acordo de “necesidade de ocupación” dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa “CAPTACIÓN DE AUGA PARA AS ESTIBADAS”, con base nos motivos que constan no informe emitido polo xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións da Deputación de Ourense, que se transcriben seguidamente:

1. No expediente expropiatorio consta un informe do xefe territorial de “Augas de Galicia”, de 21 de xuño de 2021, no cal se informa que no ano 2017, Augas de Galicia, adxudicoulle a obra que é obxecto do presente expediente expropiatorio á mercantil “Orvi Infraestructuras, SL”, iniciando as obras, as cales foron obxecto de recepción parcial, a excepción das obras nos terreos que son agora obxecto de expropiación, pertencentes ao “MVMC SERRA DE MEDA”, polo que, do que se desprende do devandito informe, non houbo ocupación dos bens pertencentes ao devandito monte, polo que se desestima a dita alegación.

2. No expediente expropiatorio consta a notificación ao “MVMC SERRA DE MEDA”, tanto do trámite de información pública como do acordo de necesidade de ocupación, cos correspondentes acuses de recibo asinados, polo que se desestima a alegación.

3. A “declaración de prevalencia” foi outorgada pola Consellería de Medio Rural, que é quen ten as competencias para a devandita declaración, non podendo a Deputación de Ourense declarar a nulidade dun acto que non foi ditado por ela, polo que procede desestimar a alegación.

4. Non se aprecia motivo de nulidade do expediente expropiatorio, xa que este cumpre o disposto na Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, así como no seu regulamento, contando cos informes sectoriais favorables necesarios (Confederación Hidrográfica do Douro, Consellería de Medio Rural, Augas de Galicia), polo que se desestima a alegación.

3º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MONTEVAL (GDR MONTEVAL)”.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 4º, 5º, 6º, 7º e 8º.

O presidente da comisión explica o contido das propostas.

D. Bernardo Varela López, do BNG, manifesta que este debe ser o primeiro paso para a posterior subvención de 10.000 euros e para cada un dos grupos, xa que no orzamento figura unha partida global de 60.000 euros para os diferentes GDR. Pregunta e a dita subvención vai ser finalista e, en todo caso, pide maior implicación da Deputación con estas entidades e anuncia que apoiará as propostas.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta cal é a razón pola que neste momento, e despois de máis de 15 anos financiando aos grupos de desenvolvemento rural, decide a Deputación integrarse neles. Engade que a subvención de 10.000 euros por grupo é escasa e que debido á importancia que teñen estes grupos na execución dos fondos europeos e na posta en marcha de procesos produtivos, a aposta a Deputación debe ser maior.

O **presidente da comisión** manifesta que se trata dun compromiso do presidente da Deputación tras unha reunión mantida con todos os grupos de desenvolvemento rural da provincia. Engade que esta achega de 10.000 euros a cada grupo é un bo comezo e que entende que esta poderá ser destinada a gastos de funcionamento destas entidades.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural MONTEVAL (GDR MONTEVAL)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

4º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL COMARCA DE OURENSE (GDR ADERCOU)”.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural comarca de Ourense (GDR ADERCOU)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

5º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL LIMIA-ARNOIA (GDR LIMIA-ARNOIA)”.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural LIMIA-ARNOIA (GDR LIMIA-ARNOIA)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

6º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA (GDR SIL-BIBEI-NAVEA)”.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural SIL-BIBEI-NAVEA (GDR SIL-BIBEI-NAVEA)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

7º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL VALDEORRAS (GDR VALDEORRAS)”.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural VALDEORRAS (GDR VALDEORRAS)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

8º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL CARBALLIÑO-RIBEIRO (GDR CARBALLIÑO-RIBEIRO)”.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Ratificar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural CARBALLIÑO-RIBEIRO (GDR CARBALLIÑO-RIBEIRO)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A MELLORA DAS ESTRADAS DO ORIENTE DA PROVINCIA DE OURENSE.-

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, explica o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, manifesta que reserva o voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, manifesta que está de acordo con que o estado da rede de estradas provinciais é mellorable, non só na zona do oriente da provincia, senón en toda a rede, se ben tamén é consciente da dificultade do seu mantemento nunha provincia como a nosa, con tantos quilómetros de estradas, coa nosa orografía e que dificulta moito á propia Deputación e aos concellos a manter en óptimas condicións as diferentes vías de acceso aos numerosos núcleos de poboación. Sobre o tema concreto de San Vicente de Leira sinala que haberá que darlle unha solución, se ben non ten claro que a proposta de executar o actual proxecto de trazado, por importe de 14 millóns de euros, sexa o adecuado, debido ao importe deste investimento. Sobre esta estrada sinala que se se derrubou é por algo e que deberan depurarse responsabilidades dos causantes. Finaliza indicando que en termos xerais está de acordo coa moción, se ben realizaría unha matización, sobre todo do punto primeiro da proposta.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, manifesta a reserva de voto para o Pleno, e sobre a cuestión da estrada de acceso a San Vicente de Leira e dada a importancia do investimento necesario, deberían involucrarse outras administracións, particularmente o Estado.

O presidente da comisión manifesta a reserva de voto para o Pleno.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, manifesta, respecto do tema de San Vicente de Leira, que o alcalde de Vilamartín de Valdeorras manifestou publicamente que o Concello sería capaz de executar esa obra pola metade do importe, polo que coa implicación da Deputación e da Xunta debería executarse esa obra canto antes.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a executar o proxecto da estrada de San Vicente de Leira en Vilamartín de Valdeorras.
2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a mellorar canto antes, o resto de estradas con deficiencias da súa titularidade localizadas nas comarcas do oriente ourensán, tanto na zona de Valdeorras, como en Viana, Trives ou Manzaneda.
3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a elaborar unha análise técnica de necesidades das vías de titularidade provincial e, posteriormente, a redactar e aprobar consensuadamente un plan de investimentos equitativo, que permita solucionar as reiteradas carencias destas estradas.

10º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan

E ás 18.10 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.